



Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)

Tfno: 981 802 062

info@dodro.gal

www.dodro.gal

ANUNCIO

RESOLUCIÓN CONCESIÓN XXXVII PREMIO DE POESÍA EUSEBIO LORENZO BALEIRÓN 2024

EXPEDIENTE: 2024/A002/000001

ASUNTO: CONVOCATORIA XXXVII PREMIO DE POESÍA EUSEBIO LORENZO BALEIRÓN 2024

TRÁMITE: ANUNCIO RESOLUCIÓN CONCESIÓN XXXVII PREMIO DE POESÍA EUSEBIO LORENZO BALEIRÓN 2024

O 10 de decembro de 2024 o alcalde do Concello de Dodro ditou a resolución número 628/2024, que se transcribe:

"Logo de ver as Bases de participación e da convocatoria do XXXVII Premio de Poesía Eusebio Lorenzo Baleirón 2024, aprobadas por resolución da Alcaldía núm.375/2024 de data 17 de xullo de 2024 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia da Coruña núm.141, do martes 23 de xullo de 2024.

*Logo de ver a acta de avaliación de candidaturas e proposta do xurado en favor de MIGUEL CAVADAS DOCAMPO NIF. **1974***, autor de "HIMNO NACIONAL", emitida e asinada polo xurado o sábado 23 de novembro de 2024, ás 13,30 horas, na Casa do Concello de Dodro*

Logo de ver que con data 05/12/2024 emitíuse informe-proposta polo órgano instrutor, concelleiro de Cultura e Patrimonio, e a funcionaria municipal A.M.R.D., no que se da conta do cumprimento das condicións e requisitos establecidos nas Bases de participación e convocatoria do XXXVII Premio de Poesía Eusebio Lorenzo Baleirón 2024, así como do disposto no artigo 88.3 do R.D. 887/2006 de 21 de xullo.

Emitido informe de fiscalización por Secretaría-intervención.

Considerando que corresponde a competencia á Xunta de Goberno Local por delegación da Alcaldía efectuada mediante Resolución núm. 401/2023 de 27/07/2023 (BOP núm. 147 do 03/08/2023), así como o disposto no artigo 10 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, relativo á avogación de competencias delegadas.

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Avogar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local mediante Resolución da Alcaldía núm. 401/2023 de conformidade co disposto no art. 10 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

*SEGUNDO.- Conceder o XXXVII Premio de Poesía Eusebio Lorenzo Baleirón 2024 a Miguel Cavadas Docampo NIF. **1974***, en calidade de autor do poemario gañador titulado "HIMNO NACIONAL" dotado con 2.500,00 euros e coa publicación do libro de poemas galardoado dentro do ano 2025, nunha editorial de recoñecido prestixio, dos que a gañadora recibirá gratuitamente 25 exemplares.*

TERCEIRO.- Autorizar, dispoñer o gasto e recoñecer a obriga polo importe de 2.500,00 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 334/48000.

CUARTO.- Efectuar as publicacións correspondentes a este procedemento na Base de Datos Nacional de Subvencións e/ou no BOP.

QUINTO.- Notificar a presente resolución da concesión dos premios a través da publicación na páxina web do Concello.

SEXTO.- Ordenar o pago das obrigas expostas, de conformidade co disposto nos artigos 186 e 187 do Texto refundido da Lei reguladoras das facendas locais.

SEPTIMO.- Dar conta ao Pleno na vindeira sesión que se celebre, de acordo co disposto no artigo 42 do ROFRXEL.

*Documento asinado dixitalmente
O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís.
A secretaria-interventora que da fe. "*



Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)

Tfno: 981 802 062

info@dodro.gal

www.dodro.gal

O que se publica aos efectos oportunos

Documento asinado dixitalmente

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís.